

Desexámosvos...

un bo

LIBRO

e

unhas lectoras
vacacións.



Nadal 2011

DENDE A
BIBLIOTECA
"PAULA
CARBALLEIRA"



1º ciclo primaria

PENSANDO
"NESA"
CARTA ...

...que tod@s pensades
escribir ...




... a canta xente máxica esté disposta a manter a vosa ilusión, porque nestas datas sempre vos da pola vena epistolar... pois de novo suxerencias para pedichonear:

1º CICLO PRIMARIA:

- **Peter Pan (J.M. Barrie) Baía:** Xa a coñeces, pero te vai encantar reler a historia deste neno que non quería medrar.



- **Pulgastel- E. Baamonde- Everest:** É moi feliz só coa súa imaxinación e cos libros. Cando ve o mar, vivirá todas as aventuras que a lectura lle fixo soñar.



- **Cando chove- L. Salaberria- Faktoría K:** Non todo é gris e tristura cando chove. Descúbreo coa protagonista desta historia.

- **Os dinosaurios- Baía:** Estás segur@ de que xa o sabes todo sobre estes animalíños???



- **Ramiro descobre a Estrezú- M. Noel- Primerapersona:** Algo moi extraño sucede co pai e a nai de Ramiro. Fan cousas moi raras. Unha presenza que non se ve pero que invade todo...

- **Picasso y Minou- Maltbie- Juventud:** Minou era o gato que "adoptou" a Picasso cando vivía en París. A Minou non lle gustaban os cadros tristes do periodo azul, e cando Picasso pasou fame, axudoulle. Queres coñecer a historia?



- **Desaparición- Pereledi- Everest:** Abecedaria está en perigo. Que ocurrirá se o detective Peirot non é quen de deter a desaparición das letras? O ke foi o primeiro.
- **Na busca dun fogar- A. Deacon - Patas de peixe:** Unha panda de afoutos irmáns hamsters andan perdidos buscando un novo fogar. Vas pasalo ben...



- **Otto, el oso de libro- K. Cleminson- Juventud:** O que máis feliz fai a Otto é que lean o libro no que vive, pero un día perde o seu fogar e asústase ao comprobar que o mundo é enorme para el.

